

Lugo celebra a semana do Comercio Xusto

O xoves 9 haberá unha cea reivindicativa no Bodegón A Fouce elaborada con produtos de Comercio Xusto.

O sábado 11 celebrarase a Feira con estands de produtos de Comercio Xusto e Ecolóxico na Praza Maior. Contará con diversas actividades lúdicas.

Lugo, 1 de Maio. Lugo Xusta e o Concello de Lugo organizan a vindeira semana varias actividades en torno á celebración do Día Mundial do Comercio Xusto. A idea é que sexan unhas xornadas que permitan achegar os produtos de [Comercio Xusto](#) á xente de Lugo, para ver que é sinxelo consumir de xeito responsable e apoiar iniciativas sociais, que traballan polo respecto dos dereitos humanos e do medio ambiente, tanto en Lugo como noutros países. A xente poderá aprender sobre os procesos de produción, distribución e venda de produtos que mercan habitualmente. Outro obxectivo das actividades é que sirvan para que Lugo se converta pronto nunha Cidade polo Comercio Xusto.

A primeira das actividades é unha Cea Solidaria Eco e de Comercio Xusto no Bodegón A Fouce o xoves 9 a partir das 21:30h. Será unha cea preparada con produtos de Comercio Xusto e Locais para que a xente poida ver que é posible desfrutar dunha rica comida nun entorno distendido e festivo, mentres aprenden sobre o Comercio Xusto e o Consumo Responsable. O custe da cea é de 12€ e é necesario inscribirse no [facebook](#) de LugoXusta ou no seu correo electrónico lugoxusta@gmail.com.

Finalmente, o sábado 11 celebrarase a xa tradicional Feira polo Día Mundial do Comercio Xusto. Haberá diversos estands con información e venda de produtos de Comercio Xusto e Ecolóxico, de artesanía local, así como de información sobre distintas iniciativas sociais que se desenvolven en Lugo. Será na Praza Maior, dende as 10:30 ata as 15:00h. Para amenizar a xornada haberá varias actividades:

- Contacontos infantil, a cargo de [Anxo Moure](#), para que nenos e nenas aprendan dun xeito sinxelo e divertido sobre a natureza e o mundo, como pequenas accións axudan a conservar o espazo que habitan. A partir das 11:30.
- Xogo Adestro Conciencia, grazas a Taller de Solidaridad, no que rapaces e rapazas reflexionarán sobre os principios do Comercio Xusto, e como cando non se existen un Comercio Xusto as condicións de vida das persoas e do seu entorno se ven prexudicadas, e é necesario apoialo. A partir das 12:15.
- Teatro interactivo na rúa, por parte de [Malala Teatro](#). Serán pequenas pezas nas que o grupo de pequenos actores e actrices interactuarán coas persoas do público, reflexionando sobre distintas problemáticas sociais. A partir das 13:00h.

Organizan: Lugo Xusta e Concello de Lugo (Concellería de Concello e Cidadanía)

Lugo Xusta é un grupo de traballo cidadá composto por persoas e polas entidades Asemblea de Cooperación pola Paz, Bico de Grao, Manos Unidas, Solidariedade Internacional de Galicia e Taller de Solidaridad. O seu obxectivo principal é converter Lugo nunha Cidade polo Comercio Xusto, para o que dende 2014 realiza diferentes actividades de sensibilización.

Para máis información ou entrevistas

Lugo Xusta - Marta (982807935) e Héctor (699892096)